



Art & Love 2010

© design: wafar sferra 2009 + rita rodriguez

pontedeume
Casa da Cultura
27 marzo - 11 abril 2010


Concello de Ponte deume
Concelleria de Cultura

UL C 354/0-2009

Bases:

O concello de Pontedeume convoca a 15 Mostra Artxove, destinada ó espallamento e potenciación das artes plásticas de acordo coas presentes bases:

1. Poderán participar nesta mostra tódolos artistas da Comunidade Autónoma de Galicia, naturais ou residentes. A idade dos participantes estará comprendida entre os 18 e 35 anos.

2. Poderase concorrer nas modalidades de escultura, pintura e fotografía, atendendo as seguintes normas:

pintura

Poderán presentarse un máximo de un cadro convenientemente montado con marco ou listón. O formato non excederá dos 1,5 m. no seu lado maior.

fotografía

Poderán presentarse un máximo de dúas fotografías. Estas virán enmarcadas (pinzas non), e o tamaño do marcos no excederá os 60 cm. no seu lado maior.

escultura

Poderán presentarse un máximo dunha peza cun tamaño que, sen peana, non exceda de 1 m. de altura.

3. As obras deberán ser orixinais, con tema e técnicas libres.

4. No dorso ou pé das pezas deberán figurar os datos do autor (nome e apelidos, enderezo e teléfono) e o título da obra.

5. O concello de Pontedeume elaborará un catálogo. Para os efectos de elaboración do catálogo, xuntarase a documentación que a seguir se indica:

Ficha técnica da obra: título, medidas alto por ancho, técnica empregada.

Fotografía da obra indicando a súa posición.

No caso da modalidade de fotografía o artista indicará cal é a que desexa que figure no catálogo.

Art Xove 2010



6. As obras deberán vir acompañadas dun breve currículo do autor e fotocopia do D.N.I.

7. As obras deberán entregarse na Biblioteca Municipal de Pontedeume, Rúa Couceiro Freijomil, 5 C.P. 15600 Pontedeume (A Coruña), en horario de 16.30 a 20.30 h. (de luns a venres).

8. As obras poderán ser retiradas ata o 14 de maio no mesmo lugar de entrega e no mesmo horario e días indicados no apartado sete.

No caso de non ser retiradas no devandeiro prazo pasarán a ser propiedade do concello.

9. O comite organizador porá todo o coidado no traslado, manipulación e exposición das obras, pero non se responsabiliza de calquera dano ou perda producidos por causa allea á súa vontade.

10. Ante calquer imprevisto o comité organizador, está capacitado para resolver calquer atranco que impida o desenvolvemento do certame.

11. A participación nesta mostra supón a total aceptación destas bases.

data de entrega das obras e documentación

As obras e a documentación para a elaboración do catálogo deberán ser enviadas **ANTES DO VENRES DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2010.**

Para máis información chamar ó teléfono da Biblioteca Municipal de Pontedeume 981 432 598